



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Dermatoloxía	Código	750G02026	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Santalla Borreiros, Fátima	Correo electrónico	f.santalla@udc.es	
Profesorado	Santalla Borreiros, Fátima	Correo electrónico	f.santalla@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	A materia de Dermatoloxía pretende proporcionar ao alumno unha serie de coñecementos xerais de Dermatoloxía do membro inferior e o seu tratamento. O alumno ao longo do curso adquirirá coñecementos sobre: Semioloxía, histopatoloxía e terapéutica dermatolóxica das principais afeccións dermatolóxicas que afectan ao pé. Afeccións do tecido conectivo. Lesións de orixe vascular. Afeccións zoonositarias e fito parasitarias. Lesións cutáneas benignas, lesións precancerosas e tumores cutáneos. Cirurxía en dermatoloxía e cicatrices.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
O alumno coñece e identifica as lesións dermatolóxicas que afectan ao membro inferior e o seu tratamento.	A19	B1	C1 C3 C4 C5 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
I. BASES DO DIAGNÓSTICO DERMATOLÓXICO	I.I.ANATOMÍA E FISIOLOXÍA DA PEL. I.II.LESIÓNS ELEMENTAIS DA PEL. I.III.LESIÓNS ELEMENTAIS DAS UÑAS. I.IV. PROCEDEMENTOS E DISPOSITIVOS DIAGNÓSTICOS
II. AFECCIÓNS DO TECIDO CONECTIVO.	
III. LESIÓNS DE ORIXE VASCULAR.	III.I. ENFERMIDADE ARTERIAL VASCULAR PERIFÉRICA. III.II.VASCULITIS. III.III. ENFERMIDADE DE RAYNAUD III.IV.ERITEMA PERNIO
IV. INFECCIÓNS E INFESTACIÓNS	IV. I. INFECCIÓNS BACTERIANAS IV.II. INFECCIÓNS VÍRICAS IV.III. INFECCIÓNS FÚNGICAS IV.IV. INFESTACIÓNS
V. DERMATOSIS INFLAMATORIAS	V.I. PSORIASIS V.II.LIQUEN PLANO V.III. ECCEMAS/DERMATITIS



VI. LESIÓNS CUTÁNEAS BENIGNAS, LESIÓNS PRECANCEROSAS E TUMORES CUTÁNEOS.	
VII. CIRURXÍA EN DERMATOLOXÍA E CICATRICES.	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A19 B1 C3 C4 C7	21	42	63
Recensión bibliográfica	A19 B1 C1 C3 C4 C7	0	13.5	13.5
Proba mixta	A19 B1	2	16	18
Seminario	A19 B1 C1 C3 C4 C5 C7	21	31.5	52.5
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	A sesión maxistral consistirá en clases teóricas expositivas con métodos audiovisuais de apoio (presentacións, vídeos...) Facilitarase aos alumnos o material cos contidos teóricos básicos da materia, así como material para traballar na aula ou fóra dela. Todo o material se poñerá a disposición do alumnado por diferentes vías (plataforma virtual, papel, correo electrónico...).
Recensión bibliográfica	A recensión consistirá na lectura crítica de artigos científicos e outros documentos sobre Dermatoloxía Podolóxica ou temas relacionados coa mesma e a realización de actividades (Resúmenes, esquemas, traducións,...) que no seu momento propoñeranse en clase ou a través da facultade virtual. Todo o material se poñerá a disposición do alumnado por diferentes vías (plataforma virtual, papel, correo electrónico...).
Proba mixta	Exame con preguntas de proba obxectiva (70 preguntas tipo test). O exame incluírá preguntas relacionadas cos contidos desenvolvidos tanto nas sesións maxistras, como nos seminarios, e como nas actividades de lectura de traballos científicos e artigos relacionados coa materia (Recensión Bibliográfica).
Seminario	Os seminarios consistirán en actividades grupales onde se traballarán aspectos e conceptos relacionados co exposto na clase maxistral ou conceptos complementarios a estes. Favorecerase a participación e interacción profesor-alumno. O alumno deberá expoñer polo menos unha actividade a determinar no transcurso da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	A atención personalizada está destinada a resolver calquera dúbida ou cuestión relacionada coa materia. Desenvolverase de maneira presencial de mutuo acordo co profesor, ou de maneira virtual (vía telefónica, correo electrónico, plataforma de teleformación...etc).

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Proba mixta	A19 B1	O exame incluírá preguntas relacionadas cos contidos desenvolvidos tanto nas sesións maxistras, como nos seminarios, e como nas actividades de lectura de traballos científicos e artigos relacionados coa materia (Recensión Bibliográfica). A máxima puntuación que se pode obter neste apartado son 7 puntos. Unha semana antes do exame facilitaráselle ao alumno o número e puntuación das preguntas. É necesario obter polo menos o 50% da nota total da proba mixta para superar a materia e poder sumar á cualificación final o resto de items da avaliación.	70
Recensión bibliográfica	A19 B1 C1 C3 C4 C7	As actividades relacionadas coa recensión bibliográfica son de carácter voluntario.	10
Seminario	A19 B1 C1 C3 C4 C5 C7	A asistencia aos seminarios non é obrigatoria. Realizarase un seguimento da asistencia dos alumnos e a participación ós mesmos. A máxima puntuación que se pode obter neste apartado é 2 puntos.	20

Observacións avaliación

Para poder aprobar a materia a cualificación da "proba mixta" ha de ser maior ou igual a 3,5 sobre 7. Se a cualificación é inferior a esta cifra (3,5), non se sumarán as cualificacións relativas aos apartados "seminario" e "recensión bibliográfica", e a cualificación será "SUSPENSO". Ademais, a nota total da suma das diferentes metodoloxías de avaliación ha de ser igual ou superior ao 50% da calificación total (5 sobre 10). Os coñecementos a avaliar non se cingirán ao que aparece escrito no material de traballo ou diapositivas entregadas polo profesor. O alumno deberá complementar a información e os contidos explicados na sesión maxistral e nos seminarios coa bibliografía recomendada. A información recollida nas diapositivas é meramente "informativa" e "de apoio" e non son os "APUNTAMENTOS DA MATERIA". As fontes bibliográficas recomendadas son a base do coñecemento. MATRICULA DE HONRA. Os alumnos con nota igual ou superior a 9 poderán optar a matrícula de honra. A decisión tomarase pola nota máis altas. NON PRESENTADO. Os alumnos que non se presenten á proba mixta serán avaliados como "NON PRESENTADOS", independentemente da participación noutras actividades. MATRICULA PARCIAL. Os alumnos con matrícula parcial deben ter en conta que a presencialidade e participación nas diferentes actividades da materia é opcional. Para superar a materia poden presentarse á proba mixta, pero a súa nota debe ser igual ou superior ao 50% da cualificación total da materia. A asistencia ós seminarios poderá ser substituída pola realización dun Traballo sobre un tema DERMATOLÓXICO acordado co profesor ó inicio do curso. O alumno debe informar o profesor desta situación como moito ata un mes despois do inicio das clases. OPORTUNIDADE ADIANTADA. O alumno que non teña pendente mais de 12 créditos, de materias das que xa estivese matriculado nalgún curso académico, ou de 18 créditos correspondentes ás prácticas, ademais do TFG, para finalizar os seus estudos poderá concorrer a unha oportunidade adiantada de avaliación, que se realizará antes da finalización das actividades académicas do 1º cuatrimestre, naquelas datas que se establezan no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno. Os criterios de avaliación serán os mesmos que para o resto do alumnado. 2º O POSTERIORES OPORTUNIDADES. Os alumnos presentados a 2º ou posteriores oportunidades gardaráselles as notas da parte de seminario e recensión bibliográfica sempre que participase e superase as diferentes actividades.

Fontes de información

Bibliografía básica	- ALONSO PEÑA D. Atlas de Dermatología del Pie. 1ª Edición. 2007. Editorial Panamericana.- GARCÍA CARMONA FJ. Dermatología podológica. Guía práctica avanzada. Barcelona: Isdin-Ediciones Mayo 2009.- VALERO SALAS J. Tumores de la piel y de las partes blandas del pie. Santander: Exa 2003.- GARCÍA CARMONA FJ, FERNÁNDEZ MORATO D. Guía práctica de Dermatología Podológica. Barcelona: Isdin- Ediciones Mayo 2005.- DAWBER R, BRISTOW I., TURNER W. Text Atlas of Podiatric Dermatology. 2001. Martin Dunitz.- FITZPATRICK. Dermatología en Medicina General. 6ª Edición. 2005. Editorial Panamericana.- FERRANDIZ C., Dermatología Clínica. 2ª edición. Madrid, Hacourt; 2001.- GARCÍA CARMONA FJ, FERNÁNDEZ MORATO D. Abordaje quirúrgico de la patología subungueal. Madrid: Aula Médica 2005.- Kumar, Abbas, Fausto, Mitchell; Robbins; Patología Humana. 2008. Elsevier.
Bibliografía complementaria	- Revista Internacional de Ciencias Podológicas- Journal of the American Podiatric Association (JAPMA)- Journal of Dermatological Science- http://www.dermfoot.com - http://www.iqb.es/dermatologia/atlas/



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana xeral/750G02001

Anatomía específica do membro inferior/750G02002

Fisioloxía xeral/750G02003

Fisioloxía de sistemas/750G02004

Bioloxía/750G02005

Microbioloxía e parasitoloxía/750G02007

Patoloxía xeral/750G02008

Farmacoloxía/750G02009

Quiropodoloxía 1/750G02027

Quiropodoloxía 2/750G02028

Técnicas e procedementos en prevención da infección/750G02032

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Podoloxía Preventiva/750G02015

Cirurgía Podolóxica 1/750G02029

Materias que continúan o temario

Terapéutica farmacolóxica/750G02024

Cirurgía Podolóxica 2/750G02030

Pe de risco/750G02031

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías